

VI Festival da Poesia no Condado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VI Festival da Poesia no Condado (2012 [1986]). A.C. D. O Condado. Re-edición en [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org). *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1887>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VI Festival da Poesia no Condado (1986). A. C. D. O Condado.

* Edición dispoñible desde o 1 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org) coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org) pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

VI FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO



Portada a partir dunha foto invertida de Xosé Luis Suárez Canal

Ed. A.C.D. O Condado

Composición: Obradoiro de A NOSA TERRA - Vigo

Impresión: ROCHA/artes gráficas - Vila Nova de Gaia - Portugal

Maio 1986

VI FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO

Os heróis desempeñan sempre un cativo papel nas grandes fazañas.

J.R.R. Tolkien. "O Señor dos Aneis".

E conta Tolkien que, despois de conseguir fuxir, con ben, dos nove Xenetes Negros, Froido Bolsón estivo en Rivendel, na casa de Elrond, a beira do Bruinen, e alí conformaron a Compañía que, composta por xentes moi diferentes entre sí, conseguira derrotar ao Reino das Tebras.

E como aquí non hai elfos que gobernen os ríos, o Miño segue a baixar cun anguriente mermurio de aldraxado irredento e, a sua esnaquizada ribeira, tenta acadar o alimento dunha esperanza seica albiscada ao carón da muralla afortalada do Castelo de Salvaterra: quizais, ao igoal que na casa de Elrond, estéxanse esquencendo vellas liortas e unha outra Compañía asuma a misión de incrustar a raxeira onde agora só existe a escuridade.

E é que non hai arma máis razoabel e incruentamente poderosa que un libro. Non hai arma máis solidaria que a colectividade escrebindo obxetivamente a sua propia historia. E non hai historia máis obxetiva que aquela que se escrebe —vivéncia— en liberdade.

Quero dicer con esto que a poética deste libro, a poética dos denanteriores libros, así, conciuntamente, é unha confluencia dos distintos camiños que levan a un mesmo destino; tentaba dicer con esto que é posibel avanzar na historia co senso racional de que o *agora*, escomenza, a se relatar (e a agromar consecuencias), un minuto máis tarde. Do agora deste libro, do agora do convívio nas duas datas do Festival, pódese facer unha leitura única. Logo, pois, non é imposibel. E si cadaquén vai e síntese perfectamente lexitimado para artellar a Historia ao marxeñ dos demáis, sen se decatar que o resultado do conxunto é a mesma paisaxe que *agora*, dende as murallas do castelo, ofrece ese túmulo silandeiro que xa está a ser o nado na Fontmiña, o que representa este libro sería, dramáticamente, a excepción que confirmara a regra.

Na primavera na que a labaza en frol escomence a arumear no mundo da Fisterra, os ananos de Celso Emilio escomenzarán a ser mitoloxía.

CASTELAO

SEMPRE EN GALIZA

Vexamos agora cómo as nosas arelas tamén son salvadoras para Portugal. Se a Patria portuguesa rexe coa ingrávida groria das súas epopeias ultramariñas, hoxe resulta escesivamente pequena i endeble para rexir de por sí un tan vasto imperio como ainda conserva no meio da más arrepiante inmortalidade internacional. Inclusive é doado creer que nin xungúndose Portugal a Hespaña, para constituiren unha gran metrópoli, con soberanía efectiva, poidera esta Unión conservar aquel vasto imperio, sen aliarse cos *xendarmes marítimos*; pero entón as alianzas serían pactos basados na mútua comenencia e realizados por libre i espontánea opción. A Portugal, pois, convenlle entrar no seo da familia hespañola, unha vez estructurada ésta en réxime federativo, para liberarse da hipoteca que hoxe pesa sobor da súa soberanía e para deixar de ser un espectro de independencia. ¿Medo a unha absorción? Xa dixemos que Galiza é a garantía con que Portugal debe contar para a súa supervivencia, garantía superada, ademais, coa vontade de Cataluña i Euzcadi. Se unha nacionalidade pode caer en degradante mimetismo, pol-a superación d-unha cultura próxima sobor da propia, calquera comprende que Portugal debe procurar a anesión do xenio galego, como única maneira de equipararse de novo a Castela e reconfortar así a súa concencia interior, en trance de decaer. O desenrollo da cultura galega, identificada, en esencia, coas creacións portuguesas, erguería no oucidente da Península un bloque cultural poderoso, capaz de enfrentarse co de Castela, non para sustitui-

lo na hexemonía política do Estado común, senón para volatilar a fachenda madrileña e armonizar as varias voces peninsulares nun acorde magnífico (Contai que non anotamos a identidade económica e social do aquén e do alén Miño, traducida mañán, coa autonomía de Galiza, nunha identidade de Dereito). O ingreso da cultura galega no mundo portugués fortalecería de tal xeito a *alma patria* de Portugal que, dentro da Península, imporía respeito ás nacionalidades irmáns, de modo que xa nada tería que temer da banda de España, pois a restauración do feito cultural e diferencial galaico-portugués habería de trocarse, por fatal simpatía, nunha reserva de vontades, con peso d-abondo para esvaer calquera perigo, así de invasión como de absorción.

Aos galeguistas sempre se nos incitou a que falássemos claro, pensando que agachábamos algún propósito inconfesable para predispor contra nós aos detentadores do patriotismo español. ¿Qué non falamos claro? Pois ben; os galeguistas decimos que antramentas en España non se poida establecer unha paz permanente defendemos a independencia de Portugal, e se os españoles non queren atender as nosas demandas é posible que se acabe, por fin, a indecisión amorosa de Galiza entre Portugal e Castela. Se nin os republicanos españoles comprenden a necesidade dun réxime federativo, para avencellar os dous Estados peninsulares —de cuia unión Galiza é a clave— e vemos que o “perigo español” sigue obrigando ao Estado portugués a hipotecar a súa soberanía, en detrimento da nosa propia seguridade, podemos nós, os galegos, crear para o resto de España un “perigo portugués” con soio arrimarnos en espírito i en verdade a Portugal. Os galeguistas xa temos ganas de decirle ao *Olimpo* español, remedando ao antigo trovador Xohán Airas:

Se a xusticia non me va:
Ante Rei tan xusticieiro
Ireime ao de Portugal.

ESTE LIBRO SE PUEDE COMPRAR EN LA LIBRERIA DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO

Poetas de Galiza

XOSE M^a ALVAREZ CACCAMO



TOMAS ANTONIO GONZAGA (1744-1810)

Tomás António Gonzaga
foi enviado ao Brasil
como oidor dos defuntos
e dos ausentes
e nunca pudo resolver o pleito do Vacío
que os compañeiros pratican cando marchan
para unha terra detrás das transparéncias
caudalosas.
Mas namorou unha doncela e foi
oidor dos rumores da paixón.
Chamava-se Marília. Agora durme
por tras das águas.

Vigo 18 marzo 86

POETAS REUNIDOS

Reunen-se de noite alguns poetas baixo a luz-coitelos de neón
para esquecer a medoña conciéncia do absoluto
dun amor que foi poema hoxe en alva. Beben
mentres falan do labirinto editorial e rin
o sarcasmo dun amigo epigramático.

Pronto os veredes a todos chorar mentres recitan versos
do libro no que morren dia a dia. Logo
haverá que levá-los a casa desfeitos en alcol e unha tristura felina
de poetas que se xuntan a beber baixo a luz fria dos coitelos de neón.

Vigo 13 marzo 86.

XOAQUIN AGULLA PIZCUETA



Éste é un caos que me aboura e destrúe
por cariátides feras de anguria
fendéndome de igual xeito cá gubia
sobre a fibra vital que en min descobre

Desta casa carnal cando a derruben
ficarán no solar xanelas lúdicas
o demais foi mortal e antigas túnicas
que nas horas se tecen e un constrúe

Para a festa final desasistida
de todo ritual e sen altura
reclinar no solpor e sen bravura

A galope incendiado pola xiria
adentrado e abismado pola bruma
un xenete na noite que o procura

**Como muda o sentir e resucita
cando a imaxe do espello nos proxecta
un candil acalado e desenreda
unha historia pasada ou unha cita**

**Que no coi da memoria era durmida
quince anos vencidos na mareira
outros quince era ela entre a salseira
a palabra era amor e ardentía**

**Oración entre dous era misterio
revelado nas horas que dá o día
unha aperta un soslaio e un “tequero”**

**Bastaban para ser un grande incendio
unha esperanza un soño a melodía
que agora nestes noivos revivía**

DARÍO XOHĀN CABANA



CON ELLIOT

O destino dun home é a súa aldea
no medio dun país de claro outono,
e unha casa de pedra da que é dono
coa fachada mirando prá verea.

O destino dun home é pór na area
un suco dos seus pes (non moi profundo)
que despois del pasar deixe no mundo
algún que outro sinal prá súa xinea.

O destino dun home é estar sentado
baixo do parreiral e ver brincar
netos de seu cos netos do veciño,

e deixarse morrer, pouco de grado,
ó pe daquela que ben soubo amar
bebendo o último trago do seu viño.

CON HOMERO

Non deixes que a man áspera do inverno
desflore o vran sen lle zuga-lo zume,
que a flor despois convértese en estrume
prós burreños do tempo sempiterno.

Non penses que ha gaña-lo noso lume
condición inmortal, calor eterno,
pois a cinza reclama o seu governo
desgobernando todo bo costume.

Aproveita que loce o sol da vida
e que o sangue ten gana de boureo
e dálle ó corpo troula e cachondeo,
pero non penses moito na partida:

ó fin hamos marchar, más que nos foda,
e por pensar non se ha para-la roda.

PAISAXE

Miles e miles de pombas caídas,
terrazas, tellados, o balcón;
miles, miles, destrozos repartidos.
A sombra do ollo, o sangue dos ósos,
un trapo, os cachos todos dos chíos,
tódalas pombas caídas dos golpes.
E a praza por dentro.

E xa nos miro.

Tendidas as saias ó sol de maio.
—Nunca, más nunca, aparta-las sombras.
—Nunca, más nunca, silencia-los dedos.

Poño en nós e a veciñanza das cadeas
os veredictos sobre as aves alcanzadas.
Penso e todo conflúe na miseria:
os ósos, o ollo, os trapos e os chíos;
toda humanidade inmunda ó redor.

Unha análise de mesmo nós aquí.
Nós no medio de nós, xente con xente.
(Sae un berro despedido da casa:
¡un chute de útero!, ¡unha entraña!).

Algo que non hai sería preciso
por salva-lo berro que se esvae.
Pero era un berro só, un único,
o que foi oído, e agora esvae,
marcha, e semellará
nada mudou nin algo era preciso.

A forca do poeta pendurado
está no fondo da paisaxe verde.

A paisaxe sempre co verbo absurdo:
un neno que fale de esperanza.

Tal coma nada; ten palabras prácticas
para aborda-lo barco dos piratas,
para abordar un barco de piratas...

Engadirei que botar
un esgarro de sal tal vez me cambie
a paisaxe e me libere da presión—
Unha espada disposta a que me guíe
arrastro a abrazos no río da visión.

XELA ARIAS

A BARALLA

Da miseria das palabras trastocan
os vermes o infido das lareiras, si,
as lareiras corporais e a praia alba
ou cincuenta dos xuicios da mente,
obtusa mente, chumbo,
as guías frías de impulsos, mares.

Prohibido tocarte, oh, negrura,
baixo pena de aceiro, ferro inerte.
Prohibido tocarte, irracional,
ou morte accidentada é condena
para a inconsciente labarada.

Busca o fío da seda
que manteña
o tempo e auga atados en ti, dentro,
esponsais de mar fero e seca terra:
o equilibrio; o paso

cego
da mirada non leva a nada,
para nada más que á nada leva:
e a el aposto, oh, condena certa
agoira o sino, perdo,
perderei, quizás, co xesto a partida;

as cartas saltan sobre a mesa, vexo,
¿que decir se nin espero milagre,
máis ca risa xa escachada na forma?

Só unha imaxe que apodero: risa o día do concerto coa situación.
Risa o día do sacro matrimonio
coa violencia: e así parti-la idea
de quietude e formas, cárcere quieta.

MANUEL MARÍA



TRES SONETOS AO VAL DE QUIROGA

Pra MARIBEL e XOSÉ ESTEVEZ, quirogueses.

1

CUNCA de mel, celeiro de pureza,
doce brisa que canta e aloumiña,
oliveira, cerdeira, bimbio e viña,
ollada aberta soio prá beleza.

Non sei doutro ar tan transparente,
dun fogar tan nido, tan amigo,
dunha terra que sempre está contigo
e unha xente xentil como a tua xente.

Tí eres tenra luz. E sempre abril,
fervenza do meu sangue rumoroso,
apaixoad o ceibe: como o Sil.

Val de Quiroga, país maravilloso:
¡douce o meu soñar, pequeno e vil,
pra que tí o fagas grande e xeneroso!.

ESCURAS serras da Moá e do Caurel:
 alertas sobre a terra quiroguesa
 que recende a mimosa, rosa acesa,
 loureiro, laranxo, fiuncho e mel.

Montes dun azul puro, intenso e inxel,
 regueiros cantadores, néboa espesa,
 nubes peleríñantes que, sen presa,
 demorades no Val, vello e doncel.

Todo é solprendente e verdadeiro
 como unha fría lembranza avivecida
 entre as neves xeadas de xaneiro.

Pro é verdade a arbre frolecida,
 o brilo escentilante dun luceiro
 e o misterio da lua sobre a Hermida.

TRIBU de meu, fermosa e silandeira:
 eres humana como unha mau aberta,
 necesaria como unha fonda aperta,
 como a mesma verdade, verdadeira.

Deixame que te habite, que te queira:
 na loita do viver, dura e incerta,
 a tí che pido, nai, casa coberta,
 amor, pan, viño, luz, lume e lareira.


Teño as miñas raigañas na tua terra,
 na tua prodixosa luz case irreal,
 no misterio do bosco e no da serra.

Son home de boa lei, fidel ao Val:
 ¡na miña gorxa vive, crama e berra
 a voz do meu bisabó do Hospital!.

Abril de 1986.
 Ano do Centenario de CASTELAO.

VITOR VAQUEIRO

CUNCA de lodo, encharcada polo río que corre ao seu lado, é unha doca brisa que canta e suspira sobre os valos da Terra. O río é unha olhadela aberta solo pra belas.



As miñas mans cheganban desde lonxe. Arrastadas por ventos dos glaciares, foron-se acogulando en lixeireza, descarregando o chumbo, navegando en escumas de voos cetinosos de lagarteiro. Fican na lembranza os valos de silêncio, e outros valos van-se erguendo, ameazantemente, esparexendo-se na sua evidéncia, como un alagamento nunha chaira. Soubemos da friaxe emergullando do fin dos sorvedouros, do fiel medo, do caníbal, de que os torturadores tiraban os compasos e a plantilla para mediren axeitadamente magnitudes e módulos de certas resisténcias. As miñas mans chegaban ceibadas da aparéncia de plantígrados que tiveran nun tempo non lonxano.

(Finalizou a foga dos mineiros).

As miñas mans chegaban, abeirando, rebordando as arestas do teu corpo;
as miñas mans, no seu anuviamento voadeiro, forxadas entre as augas
de rios bastados, de morneza, e só dunha febleza comparábel
á imutábel febleza de min próprio, serpeaban polas quenllas dos ares.
Ouviron-se disparos e non souben se eran seres caindo derrubados,
un epicentro no eixo do meu corpo, ou o estalo que puña cabo ao tempo
e á tua vida. Outras mans arribaron e sentín unha mágoa inapelábel,
un vágado arrodeando o meu pescozo, unha morte adxacente, que caia
—xa irrecoñecíbel na tortura— no matraquexamento de disparos.

Ollei despois aquelas mans simétricas a aquellas que eran miñas, ao cairen
no inefábel caborco, nunha engroba de nome impronunciábel, nos ramallos
custodiando un camiño inaccesíbel, a fereza en pregária dunhas pálpebras,
un coro que mudaba en murmuriño, o cabo dunha folga de mineiros.

M^a DO CARME KRUCKENBERG



MEDO NA NOITE

O páxaro tremelante
tras a fiesta da noite
non me deixa dormir.
Envolve a oscuridade
de latexos de anguria
e non, non me deixa dormir.

Pia polo niño da tua man,
da tua man, coma min;
aletexando no lamento dos orixenes,
e non me deixa dormir.

Páxaro envolvente
asubio de sorrisos apagados,
de soidades de beizos
de almofadas molladas
coa xiada dos ollos apagados.

¡Vaite mencer asemellado
no alén da atardecida,
e deixame dormir sin anguria
páxaro da noite!


POEMA DE AMOR TRES

(o sur, teoría dos contrarios)

o sur existe non obstante o norte
o sur é esquimal non obstante a calefacción
o sur é libio deserto non obstante o norte
o sur son os contrarios contra tebas non obstante os hemisferios
achatados polos polos
o sur é rivés non obstante a xeometría picuda dos pentágonos
o sur non é detrás non obstante o norte por abaxo
o sur case nunca é enteiramente branco non obstante os negros
en ponteareas
o sur é contra usura non ostante a caridade
o sur é sij non obstante o norte hindú
o meu país de meu é sur non obstante os cocoteiros
o sur e os puntos cardenais non existen non obstante algún mamón
dicindo que depende desde onde se mire
no sur habitamos como na lírica amorosa cando nos abranxemos
en contrarios e ti me montas non obstante o televisor quede aceso
(ruído de neve na pantalla)

(1) feito por culpa de Pablo e Pili
Maio 1986

A. R. REIXA



transporte de superficie 7

(sociolingüística)

extrañábase un jichiño da travesía de vigo —de pequeno/ó saír de viaxe fóra de vigo— de que os pensionistas en zamora e por aí non falasen galego

(isto tamén é verídico e o jichiño de marras era un que andaba no coleixio marcote)

Febreiro 1986

DEZ PAROLAS

**Teño dez parolas
pra barallar a noite
que me cega o universo.**

**Teño nove parolas
pra escoller os camíños
na estreitez do silenzo.**

**Teño oito parolas
pra navegar as profundidades
das areias mortas.**

**Teño sete parolas
pra enganar a miseria
dos soños desleigados.**

**Teño seis parolas
pra eternizar as magoas
que chorou ainxusticia.**

**Teño cinco parolas
pra percurar a beleza
sulagada na guitarra.**

**Teño catro parolas
pra misturar os anceios
nas sombrizas alboradas.**

**Teño tres parolas
pra cantarlle o amor
a saudade dunha bagoa.**

**Teño duas parolas
pra nomear o sofremento
dun ruseñol namorado.**

**Teño unha parola
pra acalar a fantásia
seriamente acoitelada.**

X. L. MENDEZ FERRIN

Era aquel
o círculo final ou ben o bosco
de Brocelianda

Detívose Amadís

Tras da fontana do reiseñor e a porta de mirto
que dá paso ás redes escarlata
estaban os sete lagos de fogo, o sofá dos domingos, as luces
que nos camiños contemplan
meniños mortos de ollos abertos cravados
nas salas do pazo
unha moeda de cobre sen anverso limoadas os medos
de Oriana no cemiterio perigoso algún libro de matemáticas sublimes
e camiños
que por sempre nos han traguer ao mesmo sitio

Unha vez sobrepasado todo isto
Amadís foise achegando ao pé de sí

No labirinto

Locía por entón a luz sonora
que pode cair do ceo

“Ise é ro río...” —marmuriou a luz

E Amadís contemplou
como Nai Arnoia enchía e devalaba ao compás dos seus cuspes
do reloxo de carne de Argallmuz e as augas
de aquel río
—al cor mi veem ondas—
viñanlle ao corazón en estroncio
e fareixas cataratas e agurgullos
nos que o Arco-das-Vellas se pintase simulando o viso
de Lola Espello Escuro

“Tal vez sexa ésta
a miña postreira aventura” —meditou para sí
o noso heroi.
¡Era que Amadís de Gaula
íá vello!



O labirinto bradaba con moxenazos
infernais no interior de cada un dos globos
dos seus ollos
As palabras de metal
de outrora
estoupanban coma pompas de xabróñ no ar
ao sairen da boca
achaiada coma a da lamprea
do cabaleiro

Ía o Arnoia
río morto
polo escusado corgo morto que conduce
con bruar coma de arráns mortas
aos territorios do Mundo do Rivés
onde estaba escrito que Amadís fose coroado
Emperador dos Loucos

Nembargante

o castelo xirou sobre os seus eixos
de ouro e de alcatrán
e as Docelas Descoñecidas
racharon os veos de carne e de tristura

Todos

A serpe con asas que vai cantar a sua cántiga
orelas do Xordán
a donicela e o seu aire mau
a coruxa que é un pano branco no alto
corredor das ameas
as fitas negras de lazar a verga
do aforcado
e a raíz da mandrágora que florece en Antioquía
no fondo do lago

Viñeran alí

todos

Mentres tanto Amadís
depositaba con espanto
e noxo
a vista propria nas augas sen fin e sen comezo
e deixábase ir e deixábase ir e deixábase ir e deixábase ir

MORTE DE AMADÍS

MARGARITA LEDO ANDION



LINGUAS MORTAS (serial radiofónico)

1.— GUARANÍ

fresco postmodern cutre gäi del paragüai pís que non existe
Strossner non existe o seu xenro continuará a saga sen nunca
existir toditos foron mortos nas gueras co Brasil
país que non existe entre o Brasil e a Arxentina

birimba o e a raia do indio

fan non se entender falan güaraní güaraní

fresco

tu

movido a tope

tu

forte

jicho

güai del paragüai que falan güaraní que te ví o sapoconcho co
pasemisé que sí tio moi forte

que eran como..... sen chute..... que eu sei.....

pero non encanto que ese país non existe que alí non pasa
ferrocarril tobo maricón

cristiano morto

Huenca Rerancó

Bidueiro de pé, ergueito ó ceo,
roubada chama do amencer sen noite,
vixilante do mundo, home enteiro,
camiño certo en donde a túa voz
foi sempre a limpa voz do compañoero.

Co alerta fáloche dun forte berro,
perto da auga que algareira xorde
no manantío limpo de ollos nenos
para enterra-los acoros da maldade
e lavar as bostelas deste inferno.

Cos pés no chan, e a frente ergueita,
fáloche dende o meu mesmo inverno,
sen esquencer que ti sempre buscaches
tempos de luz, de voz e de medida
para facer do mundo un vieiro aberto.

Fáloche co lembrar que queima, e lembro
as fermosas mañas, virxes e ledas,
do camiñar do mundo que perdemos
que ti entregaches en ardentes poemas
para encherlle ó home o corazón valeiro.

Fáloche, irmán, dende o meu peito,
con tristura, coa miña alma aberta,
dende o chan donde calco, con sosego,
coa anguria de quen lle falta o alento
do agarimo dunha irmandade certa.

“Tan doce era xuntanza miña e vosa”

Irmán:

Non hai morte para ti,
aínda que Deus o queira.

Do libro inédito “NOVA ESCOLMA FERIDA”

MANUEL LUEIRO REY



LEMBRANZA VIVA DE LORENZO VARELA

"Tan doce era a xuntanza miña e vosa"

Dende a miña nenez inofensiva,
pouso levián que me leveda o peito
para saber cómo naceu un sorriso,
e en súpeta fervenza dos meus beizos
deixar morre-la morte da fadiga,
eu fáloche, irmán.

Dende a miña nenez de vidro tenro
que garda a verdade que áinda somos,
axóuxeres fuxindo do silencio,
marmurios quentes baixo a pel de antonte,
ou latexar de corazóns somente,
eu fáloche, irmán.

Dende a miña nenez con sede e presa,
sen te-las ás pechadas para o tempo,
como unha pluma no ar voando soa
sobre a furna do amante e maino vento,
lume do sol e brillo das estrelas,
eu fáloche, irmán.

XOSE FRAGA IGLESIAS



Que non son soio Poetas
Os que fan poesía con letras.
Son os que furan o Espacio,
A piques de perder súa vida,
Os que se afondan na insegura mina
Seguros de colle-lo andacio
Da sílice que ha de matalos

...
Eses son os que fan poesía máis nidea
Merecentes de querelos, de amalos.
Nos tempos antergos, a Poesía,
Sentimentos reflexo, non existia.
E cando o Homus Sapiens barudo
Orgaiza a mantenza prá súa familia
Que escomenza o albor da gran poesía.
Pois Rabindranath Tagore é Poeta
Cando pica espora á India
Roubada, drogada, dormida.
E García Lorca é Poeta
Cando, condenando ós trencos vampiros,
Arráncanlle as feras do circo súa vida.
Velaí cal son os Poetas,
Velaí cal é a gran Poesía.

Conquiremo-la Paz antras xentes;
Soio daquela seremos Pessoas Decentes.

Esculca, meu amigo,
O que bule detrás do embigo.

Os Exércitos de caste
Son ferramentas das Guerras
E, sin aparellos tales,
Ninguén se lanzóu a elas.
Esvigoade pola Historia,
Ainda que estea ben mal feita,
E verés finchados peitos
Ateigados de cruciñas,
Ou de chapas redondiñas
Co engado amareliñas...
Por cada chapa, mil mortos,
Por cada morto, mil odios,
Por cada odio, mil penas,
Por cada pena, mil horfos,
Hastra chegar a cantar,
Como pra xustificar,
Que “a Terra é un val de bágoas”.
Malia o senso do anatema!
Que tén pedestal de mágoas.

ANXELES PENAS

CEREMONIA

¡Que non se espalle o sortilexio!

¡Qué o feitizo non inze cos seus bafos letais!

¡Silenco!

Porque as luas antigas teñen moitos farrapos
e alporízanse coma égoas sobor dos poldros fríos da noite
e pendúranse tremelicando na beira dos pozos,
embebedantes o mesmo que á mandrágora e o opio e a cicuta
¡Atención á ollada que enxergue escoar as suas teas de araña
sobor dos corpos enmeigadores
pois para sempre será preso do meigallo
e ouleará por entre os outos lamigueiros e as carballeiras milearias
coma un druida tolo!

¡Qué non se espalle o sortilexio!

¡Detén os teus labres na beira da fonte que desfía
esa láctea levedación!

¡Ah, nictálope galactófaga para sempre si bebibhe
e o don da ebriedade rubíu entoleiradamente os canles do teu sangue!
¡Non poderás fuxir!

Pero si bebes zuga da aceda froita as mesmas borras:
verás o teu espectro ventureiro coroado de froles estivais
traslucirse nos ventos vagamundos
esparexendo mil brazos esfarelados na aterecida aura do mencer
e sentirás os pétalos da alba desartellarte de tí
e o corazón fuxirche de avelaíñas de átropos negros de aluciadas volvoretas
de erráticos enigmas...

Mais si bebín,
si o néctar prohibido estiloume na boca
si xa fun inxectada
fervo nas olas da tarde de Maio
formentando de terrestres licores e de empíreos lumes
como unha xeografía do delirio que o teu engado ata
¡Ah, poseída!
¡Ofíciame de novo!
¡Verque o cáliz de acibre na sede que sembrache
pois que me despoboo, noite a noite tras noite, por amaiantes bosques,
espellísmica lua do teu corpo!
¡Xa te bebín bebiche! ¡Ensaríllame nos rizos da adormideira do teu áspide!
¡Xa te bebín bebiche!
Xa as recónditas lavas, os soterraños ríos
estrizanos terrós que livianos tripamos
caven furnas encoiran precipitan
ata a cripta abalante en onde nos derreten!
¡Ou, o meu dono!
xa que bebín bebimos
que o ritual se espalle e nos engula,
luminoso, magnífico,
e que a misa de amor se plenifique sobor dos outos cumes abraiados
je que esborrexá a lua coa amavía no fío marusía das apertas
e que poidan ouvirnos,
meu bíblico señor,
ai, berraremos baixo dos xiados feixes da alborada,
envenelados, ávidos, diviños!

HENRIQUE MANUEL RABUNHAL CORGO

ARRIVAR AO TECIDO

Pretendim desenhar um mapa, roubado aos jardins da História,
Ajustá-lo ao teu corpo esfarelado,
Invadir-te, nai, de rosas.
Pensei num castelo de amor para o desagravio,
Nunha lonjura infinitamente azul.
Apenas queria surprender-te cumha nova paisage
Onde só reinasses ti, nai,
Cumha chaira onde emborrachar-te de ternura,
Cum piano onde gozares até a extenuaçom.
Sonhei um céu no que extraviar-te por entre a abundância
E soubem-te dona de ti própria, por um momento,
Um instante desproporcionalmente feliz.
Quijem-te extrema, nai, oculta, nai, e ousada, nai.
Aspirei um fervor inédito nas minhas veias de filho,
Um incêndio animal no leito da minha loucura.
Amei levar-te longe de todos os calvários possíveis,
Afastar-te da desídia e a fadiga,
Incorporar-te por sempre à nómina dos meus propósitos.
Nom quijem nem que respondesses, nai,
Ao banquete do teu sangue.
Talvez todo foi amor esmagado, nai,
Talvez, amor esmagado.

PERINEORRÀFIA

ni icors minuciosos.
No ènemes. Regressar
per passadissos on
la memòria prècipitant-se
en silenci rugint la
violenta veu, selves,
cunnilicció, estat,
mirant de voler heure
intentar obrir vials
en diagonals
ablació i pleura,
serigrafia diuna vetllada
amb incisions amoroses
amb estilets diamants marcant
dents xifres amb cauteris
espirals verbals
separacions de l'ombra,
la llum, les bèsties
ferides com cavar
les fosses disposades
geomètricament rodolant
per aquella alegre prada
excremental ornada
la mort feta com un cadàver fet a trossos

prínceps de la menarquia
absoluts en aquest freu
roig, genocides cavalcant
ordenadament selves
fragants il.luminades
amb torxes. Denigració.
Cant, saliva, (llavis), anus,
amuntegament de torxes
donatién, alphonse, françois.
Essent sicília la mare
cardar en naus dissenyades
a posta filar déu nostre senyor

en aquest argument coiot
en aquesta casa plena
d'alcohols els llavis de
de pietat implorant
de genolls (sempre de genolls)
estimats príncips de la
pederàstia gloriosa
més impetuositat a escometre
més cor a perseverar
més destresa a ferir.
La balbucent obra
de xilofonista. Les
relacions de poder.

(la subvenció per a publicar
els seus llibres seguint
el model incorrupte)
ella, estirant-se les calces,
(il font mariajes ensemble
car il donent la feme morte
a l'enfans mors per moilier)
aquella fesa aquella
partida de cartes. Entrar
en un sedàn-cupè i (amb
les cortinetes abaixades).
Aquell paisatge: marjals,
carenes olioses, meandres,
la mano che toccó, escumes
al molesquí. L'alegre nit.
Escopir-te a la boca.

Oliosa expansió de tampons
com la mel, l'escuma, el vellut,
vins, l'innominable tacte.
Sense ulls, en una casa plena
d'alcohols

Sabadell, novembre/dicembre del 1985

La nostra cultura, la nostra lingua, la nostra identitat són els nostres valors més importants.

Però no són els únics valors que ens fan ser una comunitat pròpia i diferent.

Ens fan sentir orgullosos de la nostra història, dels nostres costums, de la nostra gastronomia.

Ens fan sentir part d'una gran família, d'una gran comunitat.

Ens fan sentir part d'un país, d'un estat, d'un territori.

Ens fan sentir part d'un món, d'un univers, d'un planeta.

Ens fan sentir part d'un futur, d'un present, d'un passat.

Ens fan sentir part d'un projecte, d'un objectiu, d'un desig.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.


Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

Ens fan sentir part d'un sentit, d'un significat, d'un valor.

CATALUNYA

JORDI DOMÈNECH



No 62 obtivo o premio de poesía da Universidade de Compostela. No 72 publica "Deu trossos" no volume colectivo *I li estreba les vetes de la cotilla*, escolla, a sua, publicada en galego con tradución de Basilio Losada. No ensaio de Viçens Altau i J.M. Sala-Valldaura *Les darreres tendències de la poesia catalana* escolmáronse poemas seus. Ten editada a tradución de *L'Allegria*, de Ungaretti, e traballa na de Svevo e Pasolini. Traduxo, asimesmo, diversos escritores galegos da sua xeración. No 1984 publicou *En comptes de la revolució*, premio López Rico 1983.

FERNANDO PESSOA

D. SEBASTIÃO REI DE PORTUGAL

Louco, sim, louco, porque quis grandeza
Qual a Sorte a não dá.
Não coube em mim minha certeza;
Por isso onde o areal está
Ficou meu ser que houve, não o que há.

Minha loucura, outros que me a tomem
Com o que nela ia.
Sem a loucura que é o homem
Mais que a besta sadia,
Cadáver adiado que procria?


Poetas de Portugal

ULISSES

O mito é o nada que é tudo.
O mesmo sol que abre os céus
É um mito brilhante e mudo —
O corpo morto de Deus,
Vivo e desnudo.

Este, que aqui aportou,
Foi por não ser existindo.
Sem existir nos bastou.
Por não ter vindo foi vindo
E nos criou.

Assim a lenda se escorre
A entrar na realidade,
E a fecundá-la decorre.
Em baixo, a vida, metade
De nada, morre.



ORLANDO COSTA (x)

Orlando Costa —37 anos de idade, 18 de trabalho teatral. Frequentou o Conservatório Nacional de Teatro, Lisboa. Tem integrado, como actor profissional os elencos dos seguintes Grupos Independentes de Teatro:

- Teatro Experimental de Cascais (TEC)
- Grupo de Acção Teatral (GAT) — Lisboa
- Teatro da Cornucópia — Lisboa
- Grupo de Teatro “A Barraca” — Lisboa

Faz Rádio, Televisão e Cinema. Mímica para dois filmes e várias peças de Teatro.

Gravou dois discos e participou na feitura de outros, com Fausto, Sérgio Godinho e Júlio Pereira.

Presentemente é o actor da peça “Eróstrato”, trabalho de teatro candidato ao prémio da Crítica.

Reside em Lisboa.

(x) O actor que irá ler os poemas de Fernando Pessoa.

PIRES LARANJEIRA

NOITE DE ELEIÇÃO

AO ANTÔNIO

Esa noite é diferente das outras
porque bebo um copo à tua, Toni.
A campanha eleitoral não me deixa
enganar-te: pagas tu
pela falta de fundos.

Bebo um copo á Lua, Toni
antes que seja (de) tarde.

Esta noite poética é diferente
e sonho que estou no Haiti
mas ai de ti se pensas que por estar ali
son diferente daqui.

Bebo um copo à toa, Toni
e lembro-me agora que ninguém se lembra
da amizade em Timor (leste?)
em redor do napalm.

Bebo um copo e bato palmas
pela democracia que nos une, Toni
nesta noite de eleição.

Bebo um corpo, Toni
de virgem nocturna enfeitiçada
pela campanha eleitoral.

Bebo por esse dedal
por ti, Toni
nesta noite diferente
das loucas noites do Haiti
por mim, por todos
os que se livram da lei da rolha
e vão votar no branco.

Novembro de 1985



ANTÔNIO DE ALMEIDA MATOS



De cada grão de pele fazer um lábio
em breve lume o gesto desenhado
de uma a mil a língua descobrindo
cada victória exacta de um salgado
contorno se constroi a própria sede
na seara que se esconde o sol de nada ou ícaro suspenso revelando
que gota a gota as asas se desprendem

No ferver do desejo a lume aceso
na sílaba expectante a lume brando
no suor represado a pulso forte
nas bocas que se cerram mas sem sangue

na canícula dentro fulgurante
na lassidão das pernas afastadas
dardo que liberta o sol por um instante
De meio dia se faz a madrugada

no trópico das linhas do teu corpo
na esquina de min contra teu vento
se afoga uma palavra na garganta
áspera de rouquidão e de cansaço

“Este tipo de iniciativas é de grande importância para os galegos e para os portugueses, enquanto falantes de uma língua comum com expressão galego-portuguesa-afro-brasileira.

Para nós é a possibilidade de rever certos aspectos da nossa própria sensibilidade, que não conhecemos e que o galego nos revela.

Para os galegos trata-se de facilitar a definição de uma norma ortográfica, morfológica e sintáctica da língua ou idioma galego ou da variante galega de uma língua que hoje é falada por mais de 150 milhões de pessoas.

É um problema nada fácil —e urgente também—, pois durante três séculos o uso da língua foi reprimido.

Há que acorrer imediatamente a uma padronização do galego para se evitar que a Língua —que está num meio linguístico ácido que a dilui, isto é, um meio em que há uma imposição que há trezentos anos a esta parte não lhe permite apurar níveis oficiais, culturais e literários— seja atacada na sua estrutura e mesmo na comunicação quotidiana.

Mas é aos galegos que cumpre decidir qual a ortografia e quais as normas morfológicas e sintácticas que vão optar.

O nosso interesse reside no facto da repercussão de uma cultura que seria desejável fosse partilhada.

O galego está perfeitamente a tempo de recuperar, mas é necessário, se se quer preservar a identidade nacional do ponto de vista lingüístico, acudir rapidamente à solução presente.

Estes encontros entre poetas, escritores e músicos da Galiza e Norte de Portugal —esta aproximação galego-portuguesa— passam por essa solução.”

OSCAR LOPES (x)

(x) Professor-Catedrático da Facultade de Létras da Universidade do Porto.

JOSE VIALE MOUTINHO

PASAGEM DO MINHO

sobre as costas voltadas ao rio
o peso das roupas molhadas o golpe
da noite em que se escapa aos tiros
o cansaço as caibras o saibro a lua

que nos resta para a fuga ser completa
talvez um saco de café peixes salgados
um corte de seda ou os desenganos de
quem se não afasta nem se esconderá

da porta da casa às águas é uma pedra
sobre a pedra os olhos ainda procuram
as luzes do outro lado ouvir as vozes
numa atenção amarrada em todo o rosto

eis os barcos o som secreto dos remos
o que levam o que trazem nada se diz
há quantos séculos se corta a corrente
somos nós a fechar os países na noite

falamo-nos eis as nossas mãos os cardos
as garrafas de sabor acre as navalhas
entendo-te entedes-me trata-se da raia
do minho das guerras de antigamente

era uma vez todo o nosso viver aqui
espingardas havia-as aos seus ombros bonés tricórnios sacos e corpos de
cinzas
espiavam a passagem proibida aos pares

sentavam-se as mulheres nas praaias breves
corriam os cativos junto deles era sábado
nós aguardávamos o negrume para entrarmos
no reino das jornadas forjadas no perigo

ABILIO-JOSE SANTOS



Estrela da manhã
d'amanhã vermelha

ten o amor o aroma da amora
mora na amora o aroma do amor
aroma de amora amor de aroma

se não tens pena
escolhe uma pena
e como quem cumpre pena
firme como uma pena
com a pena
sem pena
escreve pena
vale a pena

LUÍS VEIGA LEITÃO



ETERNA A BELEZA EFÉMERA

De Vénus recusem o milagre:
Cinzel da forma, hálito da pedra.

Ela é do corpo do ar:
Flâmula flébil da neve
Ouro volátil de insectos.

TEORIA DAS ÁGUAS

As que sobem aos ares:
Trapézio das nuvens
clowns solares

Sobranceria de lagos
melancolia de fontes
e a capa escarlate
das linfas outonais

Puras:
As que morrem em combate

Porto Abril 1986

Brasil
The Land of Opportunity

BRASIL

CRISTINA DE MELLO

AS PEDRAS DO CAMINHO

Para a Rómima

Dias amargos escreves
Navegas na quilha do medo
Na ante-manhã o vevoeiro
Camufla um térreo desejo.
Enche a carcaça do navio
E apressa-te a outro porto
Onde haja pão e o lume da fantasia
Não queime em vão.
Agarra as pedras do caminho
E faz delas a tua arma.
Não deixes que as milícias
Povoem-te o sono.
Não adormeças em dúvida
Com o teu corpo.
Cresce companheira
E nao só de afagos erguerás
os sonhos. Deixa os entulhos
do tempo. Ribanceira abaixo
Cerra os dentes e combate.
Combate o medo que não deixa passar
Com antídotos primitivos e rudes
Combate as pedras do caminho.

ENCONTRAR

III ENCONTRO DE HUMORISTAS

Non lle son recoñecidos honores nem gloria, non figuran no organigrama da cultura, nem teñen prémios da crítica; divirten á corte, seguindo a tradición, á maneira dos antigos bufóns e monifates, dos cegos dos cartelóns e cantares.

Sorte que teñen.

As honras ían ser fúnebres, a gloria non seria deste mundo. Abondan os "homes-estatua" que tanto despreciaba Castelao.

O mundo da farándula viaxou con eles até brincar na consideración distinguida, eles ficaron, pode que para sempre, a rente do popular, da mais baixa xerarquia social.


Non perderon a liberdade.

Mágoa doutros infinitos humoristas que non se recoñecen como tal, escrebendo seus nomes páxinas apreciadas pola nobreza medieval que ainda nos governa.

ANTÓNIO MASCATO


Humoristas

Quesada



Quesada
80

Vitoriano Tizón





SEGUNDO FONTES OFICIAIS, O PRESIDENTE FELIPE GONZALEZ RECIBIU UNHA INVITACION DO 1^{ER} MINISTRO SURAFRICAN PARA PRESENCIAR A MATANZA EN DIRETO DE 45.000 NEGRINOS...

O "MARATON BLACK-DEAD", E UNHA DAS MANIFESTACIONS CULTURAIS MAIS IMPORTANTES DE SURAFRICA.



Forxán




"Non che Somos mada, a non poder
calapera chega".

Mariano Marcos



Xose Lois



¡¡DOCUMENTACIÓN!!



XOSE LOIS
29-11-89


Tokio



Xaquín Marín



E O GOBERNO GARANTIZHA-
VOS A SUPERVIVENCIA. AQUI
TEDES ESTE LIBRIÑO PRA
DEPRENDER A NADAR EN
DEZ LECCIONIS




Moldes



Carlos Silvar



OS LENTOS DA VELHA ...



Pois o dos Políticos, é o mesmo...
Uns Tiram à direita... outros Tiram à
esquerda... ao final o carro
móve-se por 'consenso'...

Fefo



SEIQUE PARA A EXECUÇÃO
DE MAUÁ TROXERON A
UN BON PROFESSIONAL...

Lalo



Rocamadour



EU, EN MATERIA
DE EMPREGO,
SON ATEO



Pepe Carreiro

PROCESO DE RECONVERSIÓN
DE TRABALLADOR ESPUMOSO
SEMI-SECO A SECO.



**Rematouse de imprentar
no mês de Maio de 1986**

